

## A MARIÑA EN CUBA

Un mes de setembro coma o que vivimos, pero a comezos do século pasado, un fato de homes do Valadouro, sen facer distincións de concello, deron vida á Sociedade de Instrucción, Protección y Recreo *El Valle de Oro* que nestes días cumpre 100 anos de existencia sen recibir a homenaxe debida dos actuais veciños do val, beneficiarios e herdeiros daqueles emigrantes que na Habana comprenderon a importancia da formación para o futuro da terra natal e construíron escolas, cofinanciaron outras, restauraron igrexas e socorron a quen o precisou.

Semella que o tempo e a distancia causan o esquecemento no que caeu a sociedade deste lado do mar, que na capital cubana segue viva, inda que sen os medios de antano.

Non houbo, supoño, este recente oito de setembro grandes fastos na Habana como houbo en tempos pasados e, de maneira moi especial o día 8 de setembro de 1957 en que *El Valle*

*“A sociedade cumpre 100 anos de existencia sen recibir a homenaxe debida dos actuais veciños do val”*

*de Oro* celebrou as súas vodas de ouro.

Aquel domingo, como tódolos anos a comezos de setembro, os asociados dábanse cita nos xardíns de *La Polar*, unha das cervexerías máis coñecidas da capital cubana (a outra era *La Tropical*) para unha xornada de confraternidade que xiraba arredor dun banquete ao que asistían centos de persoas membros de *El Valle de Oro*, uns naturais do Valadouro, outros nados en Cuba (as súas mulleres, maridos, fillos...) pero sempre vencellados á terra galega que vivía no seu corazón.

Os concorridos banquetes de *La Polar* coincidían coas datas das Festas do Oito de Ferreira, por entón as máis importantes do val e hoxe xa ven... En 1956

A sociedade *El Valle de Oro* en Cuba cumpre un século. Con motivo desta efeméride, o autor do artigo lembra o banquete conmemorativo do seu cincuenta aniversario, celebrado na cer-

vexería *La Polar* da Habana, así como o importante labor educativo e cultural desenvolvido por este colectivo, que promoveu escolas no Valadouro e Alfoz nas primeiras décadas do século XX.

## Banquete de vodas de ouro na Habana

A sociedade ‘El Valle de Oro’ conmemorou o seu medio século de existencia cunha comida nos xardíns do establecemento ‘La Polar’ da capital da illa caribeña o día 8 de setembro de 1957

MIGUEL VILA PERNAS



AMA

Na fotografía pódese apreciar o animado ambiente da comida celebrada na Habana

o banquete celebrouse na mesma cervexería o día 9 de setembro, tamén domingo.

O programa-menú de 1957

reza “Banquete en conmemoración de las Bodas de Oro” e despois indica “Que se celebrará en honor de los asociados, el día 8

de septiembre de 1957, en el salón Extra de los Jardines de la Cervexería *La Polar*”. A cita era ás doce e media da mañán, para

antes da comida degustar un aperitivo consistente aquel ano en vermú *Omar* (“Delicia del paladar”), acompañado de “jamón dulce, pierna de puerco, salami, gruyere, pepino y olivas”. Toda unha “sesión vermú”, moi na liña do lugar e desa época.

Despois chegaría un menú composto de “medio pollo con arroz e lomo de puerco adobado con papas doradas”, para a sobremesa brazo de xitano e para beber “*Cerveza Polar*. Trimalta para las damas”, ademais pan, café e a animación da *Orquesta Tomé* para quen quixera marcar-se un cha-cha-cha, un dos ritmos que triunfaban por entón na illa.

O banquete foi servido “por los populares Peñita y Campita”, este último vese que proveedor habitual da sociedade, xa que o banquete do ano anterior servíranos “los populares Abundio y Campita”.

Na fotografía que se pode ver nesta páxina, procedente do ar-

*“Os concorridos banquetes de ‘La Polar’ coincidían coas datas das Festas do Oito de Ferreira”*

quivo da miña familia, pódese ver unha das mesas do banquete de 1957, vodas de ouro da sociedade, na que destaca a presenza dun dos socios fundadores da mesma e terceiro presidente da sociedade *El Valle de Oro*: Antonio Vila Ares. Ocupa o terceiro posto da fila da dereita, vestido de branco, con gafas e recostado no respaldo da súa cadeira. Fronte a el e á súa esquerda tres sobriños nados en terras luguesas do Valadouro (Vila Mariña, Pardiñas Vila) coas súas mulleres e dous sobriños-netos. Á súa dereita a súa muller, fillos, fillas, xenros, norras e netos que conformaban unha ampla familia.

Antonio Vila Ares faleceu na illa da Habana o 24 de xaneiro do ano 1961.

CONCURSO PARA A PROMOCIÓN DE GRUPOS MUSICAIS  
Premios: GRAVACIÓNS DISCOGRÁFICAS  
Prazo inscrición: Ata 15 de setembro  
Información:

www.fundaciontic.org  
www.mans-paideia.com  
Telf. 982 28 46 67

